



## **CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)**

Rúa Vilanova, 1 – 15817 BOIMORTO- Teléfono: 981 516 020 – Fax: 981 516 045  
e-mail: correo@boimorto.es

**Descrición Decreto:** Convocatoria membros do Tribunal seleccionador e aspirantes do proceso selectivo de estabilización por concurso oposición dúas prazas de auxiliar de axuda no fogar a xornada completa

### **DONA MARIA JESÚS NOVO GÓMEZ ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO ( A CORUÑA)**

Finalizado o prazo de presentación de reclamacións ou alegacións á puntuación da fase de concurso do proceso selectivo extraordinario de estabilización do emprego público temporal do Concello de Boimorto derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público e da oferta de emprego público excepcional e extraordinaria anualidade 2022, dúas prazas de auxiliar de axuda no fogar a xornada completa por concurso oposición, aprobado por Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 07/12/2022 e publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 236 de data 15 de decembro de 2022.

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1 g) da Lei 7/1985 do 2 de abril de bases de réxime local polo presente, **RESOLVO**

**PRIMEIRO.-** Convocar aos membros do Tribunal cualificador designado por decreto de alcaldía núm. 254/2023 de data 13/06/2023 para a preparación da fase de oposición para o **venres día 16 de febreiro de 2024 ás 10:00 horas** na Casa Consistorial do Concello de Boimorto.

**SEGUNDO.-** Convocar aos membros do Tribunal cualificador e aspirantes á selección de estabilización por concurso oposición de dúas prazas de auxiliar de axuda no fogar a xornada completa á realización da fase de oposición para o **martes día 20 de febreiro de 2024 ás 10:00 horas** na Casa consistorial do Concello de Boimorto.

**TERCEIRO.-** Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello e páxina web aos efectos oportunos.

**CUARTO.-** Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben directamente, recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Decretoino a Alcaldía, Boimorto á data da súa sinatura dixital, do que eu Secretario deste Concello, dou fe e traslado

A Alcaldesa - Presidenta

Dou fe, o secretario

Asdo.- MARIA JESUS NOVO GOMEZ

Asdo.- JORGE BOADO FERNÁNDEZ